

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscrición no Rexistro e publicación do convenio colectivo da empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. (Mancomunidade de Municipios da Serra do Barbanza)

Visto o texto do convenio colectivo da empresa FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA SERRA DO BARBANZA) - (código 15004551012008), que subscribiu a Comisión Negociadora con data do 25 de maio de 2016, de conformidade co disposto no artigo 90, números 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria

RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 20 de setembro de 2016.

O xefe territorial

Isidoro Martínez Arca

CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. PARA O SEU PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E ASIMILABLES DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS "SERRA DO BARBANZA"

www.cigservizos.org

CAPÍTULO I.-NORMAS XERAIS

ARTIGO 1.-ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Este Convenio Colectivo regulará as condicións de traballo da Empresa FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. para o seu persoal adscrito ao servizo de Xestión dos Residuos Sólidos Urbanos e Asimilables da Mancomunidade de Municipios "Serra do Barbanza".

ARTIGO 2.-DURACIÓN E VIXENCIA.

1. A duración do Convenio será de 4 anos, polo que estenderá a súa vixencia desde o día 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2018.

2. Este Convenio entrará en vigor o día do seu asinamento. As condicións económicas terán a súa vixencia a partir de 1 de xaneiro de 2015.

ARTIGO 3.-DENUNCIA.

Este Convenio considerarase automaticamente denunciado unha vez terminada a vixencia prevista no artigo anterior sen necesidade de preaviso ningún.

ARTIGO 4.-PRÓRROGA.

1. Este Convenio Colectivo prorrogarase tacitamente de ano en ano, independentemente da súa denuncia automática, mentres non se chegue a un acordo entre as partes sobre un novo Convenio.

2. Transcorrido un ano desde a denuncia do convenio colectivo sen que se acordase un novo convenio ou se ditase un laudo arbitral, efectuarase un incremento salarial anual equivalente á porcentaxe (%) que, con carácter global, experimente o Convenio Colectivo provincial de limpeza de edificios e locais da Coruña, para o ano correspondente.

3. No caso de que chegada a data de aplicación do incremento salarial, o Convenio Provincial estivese pendente de negociación, estarase ao que resulte desta, aplicándose en tal caso con carácter retroactivo.

ARTIGO 5.-ABSORCIÓN E COMPENSACIÓN.

1. As retribucións establecidas neste Convenio compensarán e absorberán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a natureza ou a orixe destas, exceptuando a antigüidade consolidada de quen a tivese.

2. Os aumentos de retribucións que puidesen producirse no futuro por disposicións legais só serán aplicables, cando consideradas globalmente e en cómputo anual, superen as aquí pactadas. En caso contrario serán compensadas e absorbidas, manténdose o presente Convenio nos seus propios termos.

ARTIGO 6.-COMISIÓN PARITARIA.

1. No prazo máximo de 30 días a partir do asinamento do Convenio, constituirase unha Comisión Paritaria de interpretación e vixilancia do Convenio.

2. Estará formada por TRES representantes da parte económica e TRES da parte social pertencentes ao Comité de Empresa, elixidos por cada parte. Ambas as partes poderán contar con asesores.

3. Reuniranse a instancia de parte tantas veces sexa necesario.

4. As súas funcións serán as seguintes:

- a) Interpretación da totalidade das cláusulas deste Convenio.
- b) Vixilancia e cumprimento do pactado.
- c) Estudo e valoración de novas disposicións legais de promulgación posterior á entrada en vigor deste Convenio que poidan afectar ao seu contido.
- d) Cantas outras actividades tendan á eficacia práctica do convenio e a unha maior solución interna dos conflitos.
- e) Participación e colaboración nos plans de formación.

5. Ambas as partes conveñen que calquera dúbida ou diverxencia que poida xurdir sobre a interpretación ou aplicación deste Convenio sexa sometida, antes de establecer reclamación ante os órganos competentes, a informe da Comisión Paritaria.

6. As funcións e actividades da Comisión Paritaria non obstruirán en ningún caso o libre acceso á xurisdición administrativa e contenciosa prevista na Lei.

7. As partes asinantes deste convenio, durante a súa vixencia, acordan someterse ás disposicións contidas no Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo, (AGA), nos propios termos en que están formulados.

CAPÍTULO II.-CONDICIÓN ECONÓMICAS

ARTIGO 7.-CONDICIÓN ECONÓMICAS.

1. As condicións económicas serán as que para cada posto de traballo se establecen na táboa salarial anexa e de acordo cos artigos seguintes.

2. O pagamento da nómina mensual efectuarase dentro dos dous primeiros días de cada mes.

3. Poderase solicitar, ata como máximo o día 15 de cada mes, o aboamento de anticipos a conta do traballo efectuado e ata un máximo de 500,00 €. Este importe aboarase por medio de transferencia bancaria á conta que designe o traballador.

ARTIGO 8.-SALARIO BASE.

O salario base do persoal atinxido por este Convenio será o que para cada posto de traballo se establece na táboa salarial anexa. O salario base devengarase por día natural.

ARTIGO 9.-ANTIGÜIDADE.

1. A Empresa garante a percepción da antigüidade consolidada para aqueles operarios que a veñen percibindo sen que caiba ningún outro aboamento por esta causa.

2. A antigüidade consolidada incrementarase o IPC real cada ano.

ARTIGO 10.-PLUS DE ASISTENCIA.

O persoal atinxido por este convenio percibirá mensualmente un complemento de posto de traballo denominado Plus de Asistencia cuxo importe será o expresado na Táboa Salarial Anexa.

ARTIGO 11.-PLUS DE RECOLLIDA.

En aplicación da acordada diminución de xornada e para compensar os operarios de recollida, que traballan a tarefa, aboarase mensualmente un plus segundo a cantidade reflectida na Táboa Salarial Anexa a este Convenio, mantendo inalterable as rutas actuais.

ARTIGO 12.-PLUS DE TRANSPORTE.

Todo o persoal afectado por este Convenio percibirá mensualmente un plus extra salarial, denominado plus de transporte, cuxo importe será o establecido na táboa salarial anexa.

ARTIGO 13.-COMPLEMENTO DE SINGULARIDADE DE TÓXICOS, PENOSOS E PERIGOSOS (TPP).

O salario base establecido no art. 8 do presente convenio, considérase salario de cualificación ao atender ás características de cada posto de traballo e ás particulares circunstancias de perigosidade, penosidade e toxicidade que nel concorren. Atendendo á singularidade das devanditas circunstancias neste centro de traballo establécese un “complemento de singularidade de tóxicos, penosos e perigosos” para todos os postos de traballo recollidos neste convenio que será percibido mensualmente e cuxo importe será o establecido nas táboas salariais anexas.

Este complemento non se verá afectado polas variacións salariais que experimenten o resto de conceptos salariais do convenio e o seu importe será o establecido a continuación:

Para o ano 2015: 25 €

Para o ano 2016: 45 €

Para o ano 2017: 60 €

Para o ano 2018: 70 €

ARTIGO 14.-PLUS DE ESPECIALIDADE.

En atención á especialidade requirida para o desenvolvemento de determinados postos de traballo, establécese un “plus de especialidade” para os postos de triadores, xefes de quenda de triaxe, oficiais de planta, especialistas de planta e peóns de recollida. Este complemento será percibido mensualmente.

Este plus non se verá afectado polas variacións salariais que experimenten o resto de conceptos salariais do convenio e o seu importe será o establecido a continuación:

Para o ano 2015: 15 €

Para o ano 2016: 30 €

Para o ano 2017: 40 €

Para o ano 2018: 50 €

ARTIGO 15.-PLUS DE NOCTURNIDADE.

1. Os traballadores que realicen a súa xornada entre as 22 e as 6 horas percibirán un plus de nocturnidade cuxo importe será do 30% do salario base de cada posto de traballo.

2. Este plus aboarase por hora efectivamente traballada en xornada nocturna.

ARTIGO 16.-GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS.

1. As gratificacións extraordinarias do Verán, Nadal e Beneficios, aboaranse, cada unha, a razón de 35 días de Salario Base e antigüidade consolidada de quen a viñese percibindo.

2. As pagas do Verán e do Nadal devengaranse semestralmente. A do Verán, do 1 de xaneiro ao 30 de xuño. A paga de Decembro devengarase do 1 de xullo ao 31 de decembro. Aboaranse os días 20 dos meses de xullo e de decembro, respectivamente.

3. A paga extraordinaria de Beneficios devengarase do 1 de xaneiro ao 31 de decembro, e aboarase o día 20 de Marzo do ano seguinte ao do seu devengo.

4. As Pagas Extras percibiranse na súa integridade, independentemente que o traballador estivese en situación de I.T. por calquera causa.

ARTIGO 17.-VACACIÓNS.

1. Serán de trinta días naturais para todos os traballadores afectadas por este convenio, retribuídas a razón de 30 días de salario base, antigüidade consolidada, plus de asistencia, plus de transporte, complementario de singularidade de tóxicos, penosos e perigosos, plus de especialidade, plus complementario e a media das percepcións nos tres meses anteriores en concepto de nocturnidade.

2. As vacacións non poderán ser compensadas en metálico, excepto nos casos de liquidación de contrato ou despedimento. As vacacións gozaranse por cada ano natural de servizo. No caso de que un traballador se contrate no transcurso dun ano ou deixe a empresa no transcurso deste, gozará do tempo de vacacións que proporcionalmente lle corresponda.

3. Das vacacións gozarse durante os doce meses do ano. A Empresa e o Comité fixarán e aprobarán un regulamento que contemple e ordene este goce.

4. Cando o período de vacacións fixado coincida cunha incapacidade temporal derivada de calquera causa que imposibilite ao traballador gozar delas, total ou parcialmente durante o ano natural a que corresponden, o traballador poderá facelo unha vez finalice a súa incapacidade, fixando un novo período de goce das vacacións pendentes de acordo coa empresa e sempre que non transcorran máis de dezaioito meses a partir do final do ano en que se orixinaron.

5. As vacacións inicianse ao día seguinte de saír da quenda de noite, non podendo comezar en domingo en ningún caso.

ARTIGO 18.-FESTIVOS TRABALLADOS.

1. Cando se traballe en Festivos con cargo á xornada semanal de traballo compensarase a xornada con 25 € como Plus de Festivo.

2. Cando o traballo en Festivo sexa a maiores da xornada semanal aboaranse as horas cun 25% de incremento e darase un día de descanso compensatorio.

3. Para efectos da concreción do goce dos días de descanso compensatorio polo traballo en festivos, estes serán solicitados polos traballadores sempre de acordo co normal funcionamento do servizo. En caso de máis dunha solicitude de libranza para un mesmo día e quenda nos traballadores dun mesmo servizo, e no caso de que isto supoña unha perturbación na organización do traballo debidamente acreditada, terán preferencia as solicitudes comunicadas con maior antelación.

ARTIGO 19.-AXUDAS DE CUSTO.

1. Compensarase economicamente os desprazamentos por motivos laborais sempre que haxa que facer noite no lugar de desprazamento, ou cando sexa necesario comer e/ou cear neste.

2. Compensarase do seguinte xeito:

Axuda de custo completa: 40,00 €/día

Comida ou cea: 12,00 €/día

ARTIGO 20.-VARIACIÓNS SALARIAIS.

1. Ano 2015: 0% sobre as táboas salariais do ano 2014.

2. Ano 2016: 0% sobre as táboas salariais do ano 2015.

3. Ano 2017: IPC real do ano anterior, ano 2016, sobre as táboas salariais do ano 2016. No caso de que o IPC fose negativo, aplicarase un 0%.

4. Ano 2018: IPC real do ano anterior, ano 2017, sobre as táboas salariais do ano 2017. No caso de que o IPC fose negativo, aplicarase un 0%.

Estas variacións salariais non se aplican nin ao complemento de singularidade de tóxicos, penosos e perigosos nin ao plus de especialidade, definidos nos artigos 13 e 14 respectivamente.

Achéganse como anexo I as táboas salariais definitivas para os anos 2015 e 2016. Para as táboas dos anos 2017 e 2018 estarase ás variacións salariais indicadas neste artigo.

www.cigservizos.org

CAPÍTULO III.-CONDICIÓN DE TRABAJO

ARTIGO 21.-XORNADA DE TRABAJO.

1. Xornada de traballo: 37,5 horas semanais de traballo efectivo durante a vixencia do Convenio mediante calendario confeccionado respecto diso entre empresa e Comité. Os descansos estipulados no artigo 24 son computables para todos os efectos como tempo de traballo efectivo.

2. No caso de traballadores que debido ás especificacións do traballo en cuestión, principalmente en recollida, traballen "a tarefa", deben realizar as rutas ou traballos estipulados diarios de recollida na súa totalidade, tendo en conta o indicado no artigo 11.

3. Os traballadores de similares postos de traballo e que estean desempeñando unha función similar poderán intercambiar as súas quendas sempre que exista comunicación previa e aceptación da Empresa.

4. De acordo co establecido no artigo 9 do RDL 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, que modifica o artigo 34.2 do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores sobre distribución irregular da xornada de traballo, ambas as partes acordan que a actual distribución da xornada neste centro de traballo é a máis acaída para o sistema produtivo do centro, polo cal a porcentaxe de distribución irregular da xornada recollida no devandito artigo dáse por realizada nos horarios actuais, polo que durante a vixencia deste convenio non se producirá modificación algunha destas.

ARTIGO 22.-ORGANIZACIÓN DO TRABAJO.

A organización do traballo é facultade exclusiva da Dirección da Empresa, polo que esta poderá implantar os métodos e procedementos máis convenientes para a boa marcha do servizo sen que por iso se prexudique a formación profesional do seu persoal.

ARTIGO 23.-PRODUTIVIDADE.

Compromiso de produtividade: Os acordos alcanzados supoñen un mantemento do actual nivel de produtividade en todos os servizos e postos. A Comisión Paritaria fixará este nivel e estudará e tomará as medidas oportunas en caso de incumprimento.

ARTIGO 24.-DESCANSOS.

Nos labores de triaxe descansaranse 25 minutos e no resto dos servizos 20 minutos. Neles e no tempo de redución de xornada está incluído o tempo necesario para o aseo persoal. O tempo de descanso en triaxe poderá distribuírse en dúas fraccións a condición de que iso non implique a parada da liña ou un funcionamento anormal desta.

ARTIGO 25.-HORAS EXTRAORDINARIAS.

1. As partes que concorren neste convenio acordan a conveniencia de reducir ao mínimo indispensable a realización de horas extraordinarias, axustándose aos seguintes criterios:

a) Horas extraordinarias que veñan esixidas pola necesidade de reparar sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes: Si á súa realización.

b) Horas extraordinarias habituais: Supresión.

2. Outras horas extras que puidesen producirse na execución dos distintos cometidos serán aboadas na cantidade que se establece na táboa salarial anexa, ou ben compensadas con descansos.

3. As horas extraordinarias retribuiranse cun incremento do 25% sobre o valor do salario hora normal.

4. Será o traballador quen solicite se a compensación das horas extras traballadas serán compensadas en efectivo ou descanso. No caso de elixir descanso, e para efectos da concreción do goce dos días de descanso compensatorio polas horas extras, estes serán solicitados polos traballadores sempre de acordo co normal funcionamento do servizo. En caso de máis dunha solicitude de libranza para un mesmo día e quenda nos traballadores dun mesmo servizo, e no caso de que isto supoña unha perturbación na organización do traballo debidamente acreditada, terán preferencia as solicitudes comunicadas con maior antelación.

ARTIGO 26.-CALENDARIO LABORAL.

A Empresa e o Comité asinarán o Calendario Laboral para cada ano de vixencia do Convenio. Este poderá revisarse en función da posible modificación de traballo en festivos segundo necesidades ou ben por necesidades da produción.

2. O devandito Calendario, así como as súas modificacións, acordaranse entre empresa e Comité e expoñeranse no centro de traballo.

ARTIGO 27.-PERMISOS E LICENZAS.

1. PERMISOS NON RETRIBUÍDOS: Durante o ano concederanse ata 6 días de permisos sen retribución, mantendo o traballador en alta para efectos de cotización. Este permiso poderase fraccionar, como máximo, en tres períodos por traballador de como mínimo 1, 2 e 3 días respectivamente. Para a concesión dos devanditos permisos, o traballador debe solicitalo cunha antelación mínima de 7 días naturais, excepto no caso de falecemento dun familiar cuxa licenza non estea prevista noutro apartado deste artigo, no que o prazo de preaviso será de 48 horas. Este permiso só se poderá denegar no caso do incumprimento do prazo de preaviso ou se xa houberse outra solicitude previa, válida en tempo e forma, doutro permiso para outro traballador coincidente en día, quenda e servizo. A empresa deberá de contestar á solicitude de licenza como mínimo nun prazo de 48 horas antes do inicio desta, con excepción da licenza urxente, indicada anteriormente, para o que a empresa dispoñerá dun prazo de 12 horas antes de que se inicie a licenza solicita.

2. LICENZAS: O traballador, previo aviso e posterior xustificación segundo a forma que se especifica máis abaixo, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e tempo seguintes:

- Por matrimonio: Vinte días.
- Por matrimonio de fillos ou irmáns: Un día.
- Polo nacemento ou adopción de fillo e polo falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario de cónyuge, pais, irmáns, irmáns políticos, sogros, avós ou avós políticos, fillos e noras ou xenros: tres días. Se fose fóra da localidade, serán catro días.
- Polo cumprimento dun deber público ou para asistir ao médico: o tempo necesario.
- Por cambio de domicilio: Un día natural. Se fose fóra da localidade, dous días naturais.
- Por exames: o tempo necesario.
- Por asistencia a xuízos: o tempo necesario.
- Por asuntos propios: 1 día ao ano a partir do 1 de xaneiro do ano 2013. Para a concesión do devandito permiso, o traballador debe solicitalo cunha antelación mínima de 7 días naturais. Este permiso só se poderá denegar no caso do incumprimento do prazo de preaviso e se xa hai outra solicitude previa, válida en tempo e forma, doutro permiso para outro traballador coincidente en día, quenda e servizo.
- Os traballadores dispoñerán de 8 horas anuais para acompañar os fillos menores de 16 anos a consultorio médico.

3. O preaviso, salvo nos casos imprevistos, será de 48 horas como mínimo, para que a Empresa poida organizar o servizo. No caso de incumprimento deste prazo, a empresa denegará a concesión de devandita licenza.

4. A xustificación de concesión de licenza retribuída debe de ser obrigatoriamente entregada polo traballador á empresa nun prazo máximo de 2 días laborables a contar desde o seguinte á reincorporación do traballador tras a licenza. No caso particular das licenzas concedidas segundo "o tempo necesario", o xustificante debe de recoller as horas de inicio e fin do motivo da licenza, debendo o traballador acudir ao seu posto de traballo para finalizar a súa xornada, e/ou iniciala. En caso contrario entenderase como unha falta inxustificada, do mesmo xeito que se non se entrega o xustificante.

5. Como norma xeral, as licenzas comezaranse a contar na data en que se produza o feito que as motiva, agás que o traballador desenvolvese xa un 50% ou máis da súa xornada; nese caso comezará a contar desde o día seguinte. Se por motivo de hospitalización de familiares, debido a enfermidade grave ou por necesidades de operación, se establecesen quendas de estadía no hospital, ou por convalecencia, a fin de atender o enfermo, o traballador podería comezar a súa licenza en data posterior ao feito causante, dentro dos catorce días posteriores.

6. Nos supostos non recollidos neste apartado estarase ao establecido no Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 28.-PÓLIZA DE ACCIDENTES.

1. A Empresa subscribirá no prazo dun (1) mes, desde o asinamento deste Convenio, unha póliza de accidentes que garanta ao traballador ou aos seus herdeiros a cantidade de 20.000,00 € en caso de morte, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ocorrida en ou como consecuencia dun accidente de traballo, incluído o accidente "in itinere".

2. A empresa subscribirá no prazo dun (1) mes, desde o asinamento deste Convenio, unha póliza de seguro de vida que garanta aos herdeiros do traballador a cantidade de 9.000,00 € en caso de falecemento por accidente non laboral ou por enfermidade común.

ARTIGO 29.-EMBARAZOS.

1. Durante o período de embarazo, por prescrición médica ou indicación facultativa, a traballadora ocupará un posto de traballo de menos esforzo.

2. Permiso por lactación dun fillo menor de nove meses:

As traballadoras, por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A duración do permiso incrementárase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade, ou acumular a hora de ausencia diaria en 15 xornadas laborables completas e que poderá gozar a continuación do permiso de paternidade ou baixa de maternidade.

Este permiso poderá ser gozado indistintamente pola nai ou o pai no caso de que ambos traballen.

ARTIGO 30.-INCAPACIDADE TEMPORAL.

1. Nos supostos de I.T. derivada de accidente laboral, a empresa complementará desde o primeiro día de baixa, ata o 100 % dos seguintes conceptos: salario base, plus de asistencia, plus complementario, plus de especialidade e complemento de singularidade.

2. Nos supostos de I.T. derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, a empresa complementará unicamente durante os tres primeiros días e cun límite de dous períodos nun ano natural, ata o 100% dos seguintes conceptos: salario base, plus de asistencia e plus complementario.

No caso de que nalgún momento do devandito I.T. se producise hospitalización ou intervención cirúrxica, a empresa complementará os conceptos sinalados no parágrafo anterior desde o primeiro día e ata un máximo de catro meses.

ARTIGO 31.-ROUPA DE TRABALLO.

1. Ao persoal afectado por este convenio faráselle entrega da roupa de traballo da calidade e cantidade necesaria para que poida traballar nas mellores condicións e con relación á función que ocupan e de acordo cos artigos seguintes.

2. De forma xeral, e tras a entrega da primeira quenda de mudas, tanto de inverno como de verán, aquelas iranse repoñendo pola empresa a petición dos traballadores, a medida que polo seu desgaste sexan inviables para o seu uso, para o que se devolverá á empresa o vestiario desgastado e repoñerase por outro equivalente. O devandito vestiario debe de ser coidado co máximo esmero por parte dos traballadores, cumprindo as especificacións de uso vinculadas a este. No caso de que o devandito vestiario se deteriore e/ou se extravíe por causas imputables ao traballador, adoptaranse as medidas disciplinarias correspondentes.

3. Para os subservizos de tratamento e eliminación e taller, polas súas peculiaridades e condicións de traballo entregarase orientativamente e a aplicar segundo as funcións que desempeñen, o seguinte vestiario: pantalón, chaqueta, botas, camiseta de manga longa, camiseta manga curta, anorak e/ou chubasqueiro, chaleco, pantalón augas, mandís, manguitos, cofias e luvas. Ademais neste caso, a empresa procederá á recollida, lavado, secado e entrega da roupa sucia dúas veces á semana, segundo procedemento que a empresa especificará.

4. Para o subservizo de recollida e prerrecollida de RSU, polas súas peculiaridades e condicións de traballo entregarase orientativamente e a aplicar segundo as funcións que desempeñen, o seguinte vestiario: monos, pantalón, chaqueta, botas, camiseta de manga longa, camiseta manga curta, anorak e/ou chubasqueiro, chaleco, pantalón augas, e luvas.

5. Sempre de acordo coa avaliación de riscos de cada posto de traballo, onde non se poidan eliminar os riscos de xeito colectivo, a empresa dotará os traballadores dos equipos de protección individual necesarios. Estes equipos, que á vez que se entregan aos traballadores se formará a estes para a súa correcta utilización e as súas vinculantes especificacións de utilización, deben de ser coidados e utilizados correctamente polos traballadores. Unha vez se deteriore ou ben finalice a súa vida útil, segundo especificacións técnicas, devolveranse á empresa para que esta os volva repoñer e proceda á destrución das pezas deterioradas.

6. En canto a taquillas, lavabos, duchas, etc. a dispoñer no centro de traballo, deberán establecerse de acordo á lexislación vixente.

CAPÍTULO IV.-SEGURIDADE E SAÚDE

ARTIGO 32.-SEGURIDADE E HIXIENE.

1. Dada a importancia que recoñecen os asinantes á prevención de accidentes, inclúese este capítulo dedicado á saúde e seguridade no traballo. Ambas as partes consideran de aplicación a lexislación sobre Seguridade e Saúde, e para ese efecto, organizarase un Comité de Seguridade e Saúde, con obxecto de velar polo cumprimento das medidas legais e regulamentarias así como para a posta en práctica do estipulado na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

2. As normas de prevención son de obrigada observación para os operarios, polo que se esixe unha implicación destes no seu cumprimento. Os sinistros que poidan producirse por incumprimentos destas normas darán lugar á adopción de medidas disciplinarias.

ARTIGO 33.-MEDIDAS DE SEGURIDADE E SAÚDE.

A Empresa adoptará as medidas de Seguridade e Saúde pertinentes, como consecuencia do control do lugar de traballo e das instalacións e instrumentos que pon a disposición dos traballadores. As medidas de protección afectarán igualmente aos traballadores, obrigándose a traballar con seguridade e a coidar que os locais e instrumentos de traballo estean en perfectas condicións, debendo poñer en coñecemento do Comité de Seguridade e Saúde todas as anomalías que se detecten para que polo mesmo se adopten as medidas oportunas.

ARTIGO 34.-COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE.

O Comité de Seguridade e Saúde terá unha composición de carácter paritario. Con respecto ao número de integrantes deste, estarase ao que se determina na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

ARTIGO 35.-FUNCÍONS DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE.

1. As funcións do Comité de Seguridade e Saúde serán as seguintes:

- a) Promover a observancia das disposicións vixentes para a prevención de riscos profesionais.
- b) Fomentar a colaboración de todo o persoal na práctica e observancia das medidas preventivas, estimular o ensino, divulgación, propaganda da Seguridade e Hixiene no traballo, fundamentalmente entre os representantes dos traballadores, tanto do Comité de representantes como entre os propios membros do Comité de Seguridade e Saúde.

2. A Empresa facilitará os medios de información necesarios a fin de que todo o persoal estea ao día sobre as recomendacións, obrigas e prácticas en materia de Seguridade e Hixiene.

ARTIGO 36.-RECOÑECEMENTO MÉDICO.

1. Anualmente, efectuarase a todos os traballadores un recoñecemento médico de carácter voluntario que, previo acordo entre a empresa e a mutua correspondente, se efectuará no propio centro de traballo e durante a xornada laboral. O devandito recoñecemento médico será específico para cada posto de traballo de acordo cos protocolos establecidos.

2. Os resultados do recoñecemento médico entregaranse ao traballador, sendo aqueles estritamente confidenciais.

ARTIGO 37.-CONTROL DAS MUTUAS.

1. O Comité de Empresa poderá formular por escrito as queixas dos traballadores ante a atención recibida, que será transmitida á mutua correspondente. Destas actuacións terase informado ao propio Comité.

2. O Comité de Empresa elaborará un informe anual sobre a calidade do servizo prestado pola Mutua, que será tramitado ante esta, con coñecemento do servizo médico de FCC.

CAPÍTULO V.-ASUNTOS SOCIAIS

ARTIGO 38.-RETIRADA DO PERMISO DE CONDUCIR E CAP.

1. No caso de que a un traballador co posto de traballo de Conductor ou a calquera traballador da empresa con autorización para o manexo dalgún vehículo, realizando o seu cometido cun vehículo da Empresa e cumprindo coa función que lle foi encomendada, lle fose retirado provisionalmente o permiso de conducir, a Empresa, a solicitude do traballador, dotarao de asistencia xurídica para o recurso da pertinente sanción, se fose viable, así como para a recuperación dos puntos perdidos por mor da devandita sanción, se fose o caso. Así mesmo asignaralle outro posto de traballo adecuado ás súas facultades e respectándolle a retribución anterior por un período máximo dun ano. Ao remate da suspensión do permiso de conducir será reintegrado ao seu posto de traballo.

2. Estes beneficios non terán lugar cando a causa da retirada do permiso de conducir sexa debida a imprudencia temeraria, embriaguez ou drogadicción, ou cando exista reincidencia.

3. O curso de reciclaxe de condutores denominado CAP, será organizado pola empresa para efectos da súa realización por parte dos traballadores da empresa que así o necesiten por normativa legal. De acordo entre a empresa e o comité, incluíranse nos plans de formación da empresa os cursos de reciclaxe de condutores denominado CAP, que serán impartidos fóra da xornada laboral. Os traballadores que non necesiten da reciclaxe de condutores para o desempeño do seu traballo, pero que si o necesiten para manter en vigor a súa licenza de conducción, poderán optar a este nas mesmas condicións cando queden prazas libres nestes cursos, ordenándose por antigüidade na solicitude de realización.

ARTIGO 39.-XUBILACIÓN.**1. XUBILACIÓN ANTICIPADA.**

Estarase ao determinado nos artigos 4 e 5 da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, modificado polo Real Decreto Lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, así como aos artigos 161 bis e 163 da Lei Xeral da Seguridade Social.

2. XUBILACIÓN PARCIAL.

2.1.-Estarase ao determinado no artigo 6 da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, modificado polo Real Decreto Lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, así como aos artigos 166 da Lei Xeral da Seguridade Social e aos artigos 7 e 12.6 do Estatuto dos Traballadores.

2.2.-Ao abeiro do establecido legalmente, recoñécese aos traballadores o dereito a solicitar á empresa e a esta a obriga de facilitar a documentación necesaria para tramitar a xubilación parcial e a redución de xornada ao límite máximo previsto a condición de que se reúnan os requisitos legalmente establecidos. A solicitude efectuarase cunha antelación mínima de tres meses á data na que se desexa que alcance a efectividade. Ata que o traballador xubilado parcialmente chegue á idade ordinaria de xubilación, a empresa deberá manter o contrato de substitución nos termos establecidos no artigo 12.6 do E.T.

ARTIGO 40.-EXCEDENCIAS.

1. A Empresa concederá aos traballadores fixos que o soliciten unha excedencia voluntaria por un período de catro meses a cinco anos. A Empresa reservará o posto de traballo ao traballador na devandita situación, concertando para o efecto o contrato de interinidade correspondente.

2. A reincorporación efectuarase de forma inmediata, previa notificación do traballador, cun mes de antelación.

3. Estarase ao establecido con carácter xeral no artigo 46 do Estatuto dos Traballadores e demais normas vixentes sobre a materia.

ARTIGO 41.-CRÉDITOS PERSOAIS.

Crearase un fondo de 12.000 € para conceder a cada traballador ata 1.000 € para casos de urxente necesidade xustificada e a condición de que sexa aceptado pola empresa. O importe concedido devolverase no prazo máximo de 1 ano.

CAPÍTULO VI.-DEREITOS SINDICAIS

www.cigservizos.org

ARTIGO 42.-DEREITOS SINDICAIS.

1. A empresa descontará na nómina mensual dos traballadores, a petición destes, o importe da cota sindical correspondente, para o que os traballadores interesados remitirán, á dirección da empresa, un escrito no que expresarán con claridade a orde de desconto, a central ou sindicato ao cal pertencen, a contía da cota, así como o número de conta corrente ou libreta de aforros do banco ou caixa de aforros para poder ser transferida a devandita cantidade.

2. Os traballadores que, posuíndo a condición de representantes sindicais, realicen a súa xornada en horas nocturnas, poderán gozar as horas sindicais que lle puidesen corresponder na xornada laboral posterior ou anterior.

3. Seccións sindicais: Amplíase ás empresas de 50 ou máis traballadores todos os dereitos sobre seccións sindicais de Empresa, estipulados na Lei Orgánica 11/85, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

4. Quen obteña cargos a nivel provincial, autonómico ou estatal nas organizacións sindicais, terá dereito á excedencia forzosa con reserva de posto de traballo e reingreso automático.

5. Os membros do Comité de Empresa dispoñerán das horas mensuais de crédito sindical horario retribuído para a realización das súas funcións segundo o establecido legalmente.

6. Polo demais, as competencias e garantías de representación dos traballadores, será a establecida nos artigos 64 e 68 do E.T. e na Lei Orgánica de Liberdade Sindical.

7. A reserva de horas legalmente establecida será computada anualmente, tendo en conta que o cómputo será por anos naturais, ou en caso de eleccións que non coincidan co ano completo, serán as que correspondan proporcionalmente desde a data de inicio do mandato ata o 31 de decembro do primeiro ano e o último desde o 1 de xaneiro ata a data de finalización de leste. A petición escrita do Comité de Empresa poderán acumularse as horas dos representantes dos

traballadores que así o desexen e que o confirmen mediante o seu asinamento, nun ou en varios, sen exceder o tope legal e en cómputo anual, sempre que sexa comunicada á Empresa no primeiro trimestre do ano, ou, de ser o caso, durante o primeiro trimestre de mandato ou ben a partir dos tres meses seguintes ao asinamento deste convenio. A utilización será por xornadas completas no caso de que o traballador estea asignado a un servizo que pola súa organización non permita utilizar xornadas parciais sen distorsionar o devandito servizo, En caso contrario, poderanse utilizar xornadas completas ou xornadas parciais.

8. Os traballadores terán dereito a reunirse en asemblea, durante a xornada de traballo e ata un máximo de 3 reunións anuais como máximo, debendo comunicar á empresa a súa celebración cunha antelación de 48 horas. En situacións excepcionais de conflito ou folga, abondará con preavisar con 24 horas de antelación, e non computarán para efectos da limitación do parágrafo anterior.

CAPÍTULO VII.-SUBROGACIÓN DO PERSOAL

ARTIGO 43.-SUBROGACIÓN DO PERSOAL.

1. O cambio de titularidade da Empresa ou dunha unidade autónoma desta non extinguirá por si mesma a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais do anterior. O cambio de titularidade esixirá o recoñecemento da representación sindical dos traballadores afectados.

2. Se algún dos servizos mencionados deixasen de prestarse pola non renovación, rescisión ou rescate do contrato, os traballadores adscritos aos devanditos servizos serán absorbidos pola nova empresa adjudicataria, ou, de ser o caso, polo propio organismo público ou polo titular do servizo nas mesmas condicións económicas e laborais que se establecen no presente Convenio ou no que o substitúa.

3. Tanto o empresario cedente como o novo concesionario responderán solidariamente das obrigas laborais nacidas con anterioridade á transmisión e que non fosen satisfeitas.

4. En todo o non previsto neste artigo, estarase ao estipulado con carácter xeral no Capítulo XI do Convenio Colectivo do Sector de Saneamento Público, Limpeza Viaria, Regos, Recollida Tratamento e Eliminación de Residuos, Limpeza e Conservación de Sumidoiros, BOE N.º 181 de 30 de xullo de 2013), ou novo convenio do mesmo ámbito que o substitúa, así como ao establecido no artigo 44.1 do Estatuto dos Traballadores.

CAPÍTULO VIII.-CLASIFICACIÓN PROFESIONAL

ARTIGO 44.-POSTOS DE TRABAJO.

Os postos de traballo serán os reflectidos na Táboa Salarial anexa a este Convenio. Todas as contratacións na empresa se realizarán detallando o grupo profesional e o seu correspondente posto de traballo.

ARTIGO 45. GRUPO PROFESIONAL.

O persoal afectado por este convenio colectivo, atendendo ás funcións que exerza na empresa, estará encadrado nalgún dos seguintes grupos profesionais:

- a) Grupo de Mandos.
- b) Grupo de Administración.
- c) Grupo de Operarios.

ARTIGO 46.-CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.

Cada Grupo Profesional comprende os postos de traballo que para cada un deles se especifica a continuación:

- a) Grupo de Mandos.

Enténdese como persoal encadrado dentro deste grupo a aqueles traballadores que ocupan postos de dirección e responsabilidade dentro da estrutura da empresa e que, pola súa definición, están ocupados por persoal de confianza da empresa. Corresponden a este grupo os seguintes postos de traballo:

– Director de Explotación.–Cos coñecementos necesarios, e baixo as ordes da dirección da empresa, é o máximo responsable no centro de traballo, mandando sobre o resto do persoal deste, adoptando as medidas oportunas para o efectivo, eficaz e correcta organización e prestación dos servizos. Así mesmo, é tamén responsable de adoptar as medidas oportunas para o mantemento da disciplina do persoal ao seu cargo.

– Licenciado.–Traballador que, ás ordes do Director de Explotación e en posesión dunha titulación suficiente e acorde coas actividades a realizar, se responsabilice de actividades relacionados co bo funcionamento e prestación dos servizos que se executan no centro de traballo, como pode ser o de control de calidade de procesos e produtos, medición e control de rendementos de procesos e de traballos, coordinación de campañas de motivación e concienciación cidadá, prevención de riscos laborais, etc.

– Xefe de Recollida.–Ás ordes do Director de Explotación, ten ao seu cargo todo o persoal dos subservizos de recollida e prerrecollida. Posúe os coñecementos necesarios para organizar e prestar os servizos ao seu cargo de forma correcta e segundo os rendementos previstos, así como de manter a disciplina do persoal ao seu cargo.

– Xefe de Planta.–Ás ordes do Director de Explotación, ten ao seu cargo todo o persoal dos subservizos de taller e tratamento e eliminación de residuos. Posúe os coñecementos necesarios para organizar e prestar os servizos ao seu cargo de forma correcta e segundo os rendementos previstos, así como de manter a disciplina do persoal ao seu cargo.

– Capataz.–Traballador que, ás ordes do xefe de área correspondente, ten ao seu cargo a persoal operario, traballos que organiza, dirixe, vixía e ordena. Terá coñecementos suficientes das actividades ao seu cargo e dotes de mando suficiente.

– Encargado de Taller.–Traballador ás ordes do Xefe de Planta e con mando directo sobre o persoal de taller, ten a responsabilidade da organización, traballo e disciplina dos seus subordinados. Correspóndelle a organización do traballo, distribuíndo as tarefas e ao persoal dentro do seu departamento, responsabilizándose do coidado de ferramentas, instalacións, combustibles, etc., do taller.

b) Grupo de Administración.–Enténdese como persoal encadrado dentro deste grupo a aqueles traballadores que realizan funcións dentro do área de administración da empresa, realizando tarefas de contabilidade, administración, atención telefónica, etc. Corresponden a este grupo os seguintes postos de traballo:

– Oficial 1.º Administrativo.–Empregado que, ás ordes do Director de Explotación, realiza traballos que requiran cálculo, estudo, preparación e condicións adecuadas e que dispoña de titulación suficiente e adecuada, ademais de experiencia contrastada. Este traballador encárgase de ordenar, dirixir, controlar e vixiar de todo o persoal de administración, o cal está ao seu cargo.

– Oficial 2.º Administrativo.–Empregado que, ás ordes dun oficial administrativo encargado, realiza traballos que requiran cálculo, estudo, preparación e condicións adecuadas e que dispoña de titulación suficiente e adecuada, ademais de experiencia contrastada.

– Auxiliar Administrativo.–Empregado con responsabilidade restrinxida, subordinado a un Oficial Administrativo realizando traballos de carácter auxiliar ou secundario que requiren coñecementos xerais das técnicas administrativas, así como titulación suficiente.

c) Grupo de Operarios.–Enténdese como persoal encadrado dentro deste grupo a aqueles traballadores que executan os traballos propios da súa profesión e que, con maior ou menor complexidade, se corresponden coas tarefas propias dos servizos que a empresa presta no centro de traballo. Corresponden a este grupo os seguintes postos de traballo:

– Oficial Conductor.–En posesión do carné de conducir correspondente e necesario con respecto ao vehículo que conduce e maquinaria que utiliza, ten ao seu cargo a conducción e manexo da maquinaria necesaria e correspondente ao subservizo de recollida e prerrecollida, responsabilizándose do rendimento e correcto traballo do seu equipo de traballo, formado polo vehículo e/ou maquinaria e no que pode estar integrado ademais por peóns, e axudando e apoiando a estes se fose necesario para alcanzar os rendementos adecuados. Ademais, responsabilizarase, ao iniciar e desenvolver o seu traballo, de observar as prescricións técnicas, de funcionamento e de seguridade da maquinaria que conduza e da lexislación que lle afecte.

– Peón de Recollida.–Traballador encargado de executar as tarefas de recollida e/ou prerrecollida e ás ordes do oficial 1.º condutor, no caso de que forme parte dun equipo de traballo, ou directamente do capataz se traballa individualmente.

– Xefe de Quenda de Triaxe.–É o triador que ademais de realizar o seu cometido, realiza tarefas de control de traballo, disciplina e rendimento do persoal de triaxe, organización de descansos, distribución e rotación de postos, cubrición de partes, etc.

– Oficial de Planta.–É o traballador que desenvolve o seu traballo no subservizo de tratamento e eliminación de residuos con total eficiencia, eficacia, rendimento, dedicación, seguridade, esmero, disciplina, orde e limpeza. Aínda que coa formación continuada que se lle dea estará en disposición de realizar todos os traballos propios do servizo, intentaráselle asignar as tarefas máis complexas.

– Especialista de Planta.–É o traballador que desenvolve o seu traballo no subservizo de tratamento e eliminación de residuos con total dedicación, seguridade, esmero, disciplina, orde e limpeza. Promociona automaticamente ao posto de Oficial de Planta ao acreditar unha experiencia dun ano no seu posto de traballo, xa que é o período de tempo mínimo

previsto en alcanzar a práctica e especialización requirida. Aínda que coa formación continuada que se lle dea estará en disposición de realizar todos os traballos propios do servizo, intentaráselle asignar de forma progresiva as tarefas máis complexas.

– Triador.–É o traballador que se dedica aos traballos de selección manual de residuos na cinta de triaxe, coas especificacións que iso implica.

– Oficial de taller.–Traballador que desempeña o seu traballo no taller e con coñecementos e experiencia suficiente dos traballos de mantemento que desempeña, baixo as ordes directas do encargado do taller, encargarse de realizar todos os traballos encomendados coa maior eficiencia, eficacia, responsabilidade, esmero, dedicación, interese e rendemento, mantendo a contorna o máis limpo e ordenado e actuando con total seguridade. O número de oficiais de taller a dispoñer no persoal acordarase no seo da Comisión Paritaria.

– Especialista de taller.–Traballador que desempeña o seu traballo no taller e con coñecementos e experiencia suficiente dos traballos de mantemento que desempeña, baixo as ordes dun oficial superior, encargarse de realizar todos os traballos encomendados coa maior eficiencia, eficacia, responsabilidade, esmero, dedicación, interese e rendemento, mantendo a contorna o máis limpo e ordenado e actuando con total seguridade. Aínda que coa formación continuada que se lle dea e dispón estará en disposición de realizar todos os traballos propios do servizo, intentaráselle asignar progresivamente as tarefas máis complexas. Accederá ao posto de Oficial de taller no caso de que exista a praza e mediante promoción interna, tal e como está regulado no artigo 48 deste convenio.

– Peón especialista de taller.–Traballador que desempeña o seu traballo no taller e con coñecementos suficientes dos traballos de mantemento que desempeña, baixo as ordes dun xefe ou oficial, encargarse de realizar todos os traballos encomendados co maior esmero, dedicación e interese, mantendo o contorno o máis limpo e ordenado e actuando con total seguridade. Aínda que coa formación continuada que se lle dea e dispón, estará en disposición de realizar todos os traballos propios do servizo, intentaráselle asignar as tarefas menos complexas. Accederá automaticamente ao posto de Especialista de taller tras acreditar unha experiencia dun ano como peón especialista de taller, xa que é o período de tempo mínimo previsto en alcanzar a práctica e especialización requirida.

ARTIGO 47.–MOBILIDADE FUNCIONAL.

1. A mobilidade funcional no seo da empresa non terá outras limitacións que as esixidas polas titulacións académicas ou profesionais precisas para exercer a prestación laboral e pola pertenza ao grupo profesional.

2. A mobilidade funcional para a realización de funcións non correspondentes ao grupo profesional ou ao posto de traballo só será posible se existisen razóns técnicas ou organizativas que a xustificasen e polo tempo imprescindible para a súa atención. No caso de encomenda de funcións inferiores, esta deberá estar xustificada por necesidades perentorias ou imprevisibles da actividade produtiva. O empresario deberá comunicar esta situación aos representantes dos traballadores.

3. A mobilidade funcional efectuarase sen menoscabo da dignidade do traballador e sen prexuízo da súa formación e promoción profesional, tendo dereito á retribución correspondente ás funcións que efectivamente realice, salvo nos casos de encomenda de funcións inferiores, nos que manterá a retribución de orixe. Non caberá invocar as causas de despedimento obxectivo de ineptitude sobrevida ou de falta de adaptación nos supostos de realización de funcións distintas das habituais como consecuencia da mobilidade funcional.

ARTIGO 48.–TRABALLOS DE NIVEL SUPERIOR.

